

Oia acolle a partir do próximo luns a Semana sobre Especies Invasoras 2022

Galicia Ambiental e o Concello de Oia realizarán actividades para sensibilizar sobre a necesidade de afrontar o problema das especies invasoras, concretamente da *Cortaderia selloana*

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022

A Semana sobre Especies Invasoras (SEI) 2022 chega ao municipio de Oia o próximo 23 de maio da man da **Asociación Galicia Ambiental** e do Concello da vila pontevedresa. Durante a semana realizaranse diversas charlas e actividades de sensibilización sobre este problema ambiental, concretamente da presenza da herba da pampa (***Cortaderia selloana***). Galicia Ambiental advirte da necesidade de afrontar acción de loita e sensibilización cidadá fronte as especies invasoras, pois son unhas das principais ameazas para a biodiversidade a nivel global. Malia todo, esta cuestión é descoñecida para a maior parte da cidadanía, polo que é importante desenvolver accións de control e concienciación.

Tras un parón obrigado polas medidas preventivas para o control da pandemia, a Asociación Galicia Ambiental retoma as súas **actividades con voluntariado** e os seus **programas de educación e sensibilización ambiental**. Así, esta primeira acción é en colaboración co **Concello de Oia**, sendo ambas entidades adheridas ao proxecto **LIFE Stop Cortaderia**. Ademais, Galicia Ambiental é “socio rexional” na candidatura para optar a un novo proxecto STOP Cortaderia presentado ao novo LIFE e que comezará a executarse o próximo ano. Cabe destacar que, durante 2022, a asociación desenvolve diferentes accións de voluntariado para a extracción de especies invasoras dentro do seu programa SIN INVASORAS. A entidade considera esta acción de Oia como un

“programa piloto” das invertencións locais que se desenvolverán, no caso de ser aprobado, dende 2023 no marco do **II Programa Stop Cortaderia**, do cal forma parte en representación de Galicia.

Programación de actividades

Durante a Semana sobre Especies Invasoras (do 21 ao 29 de maio) organizaranse charlas durante diversos días nos centros escolares e asociacións do municipio de Oia, culminando cunha acción de voluntariado. Así, o **luns 29** terá lugar unha charla no CEIP Mestre Manuel García (das 13:00h ás 13:50h para os cursos de 5º e 6º e de 13:50h a 14:40h para os cursos de 3º e 4º); o **xoves 26** realizarase unha charla no CEIP Refoxos (ás 12:00h para Primaria e ás 13:00h para Infantil); e o **sábado 28** está previsto un coloquio sobre especies invasoras coa veciñanza no concello de Oia, ás 10:30h.

Por outra banda, o **domingo 29** terá lugar unha acción de voluntariado de extracción xeralizada de plumeiros e cartografado de plantas a carón do Camiño Portugués a Santiago. A actividade, que comezará ás 11:00h no Camiño de Barcelos (reunión no camping O Muíño, Parroquia de Mougás) consistirá en percorrer por equipos o termo municipal cun **dobro obxectivo**: extraer semente e cartografar a presenza da planta a través da plataforma habilitada polo proxecto LIFE Stop Cortaderia. Nela figura unha boa parte das plantas tras unha intensa identificadora desenvolvida dende o municipio, un dos máis activos nesta materia de Galicia. Esta xornada de voluntariado rematará coa entrega dun **plumeiro novo para a súa destrución**, que terá lugar nunha zona urbana do municipio onde se consolidaron varias plantas, converténdose nun espazo “liberado” de *Cortaderia selloana* e **restaurado** mediante a plantación de árbores autóctonas.

Semana sobre Especies Invasoras

Diferentes localidades de España e Portugal acollen do 21 ao 29 de maio máis de 150 actividades para concienciar á poboación do problema que supoñen as especies exóticas invasoras. Neste sentido, a Semana sobre Especies Invasoras pretende contribuír a

augmentar o coñecemento e a **sensibilización** no tocante a estas especies. Trátase dunha iniciativa promovida pola Rede Portuguesa de Estudo e Gestão de Espécies Invasoras - Rede InvECO, pola plataforma Invasoras.pt e polos proxectos LIFE Stop Cortaderia e LIFE INVASAQUA. Ademais, realízase en estreita colaboración con diversas entidades, asociacións e grupos informais.

As especies exóticas invasoras son unha das **principais causas de perda da biodiversidade** no planeta. Ademais, tamén provocan a destrución dos hábitats e a explotación e contaminación directas de especies. Deste xeito, a colaboración entre entidades portuguesas e españolas para organizar eventos é imprescindible e, para afrontar o problema que supoñen estas especies, é esencial **concienciar** tanto en **prevención** como en **xestión**.

Saludos, Benito G.Carril

DIRCOM GALICIA AMBIENTAL

www.galiciaambiental.org

<https://www.facebook.com/galiciaambiental/>

[@galiciaambienta](#)

604 000 742